

TABOLEIROS DE AUGA, UN XOGO MOI ENTRETIDO

Os taboleiros de auga están preparados para facer pasar a auga por diferentes camiños, botándoa por encima e recolléndoa por baixo nun recipiente. Neste caso está feito con churros de piscina atados ao taboleiro con abrazaderas. Grazas a que son ocos no seu interior, só temos que colocar un embude na punta para facilitar a tarefa.

Podémolo facer con calquera taboleiro que teñamos en casa, ou cun palet como se ve na foto. Logo é #cuestión de ir aparafusando ao taboleiro todo tipo de recipientes, botellas, tubos, etc., furados para que a auga vaia pasando dun a outro. Aos nenos máis pequenos encantaralles ver como a auga vai pasando por todos os recipientes ata chegar ao final do camiño!

